




Carlos Casares

Carlos Casares

3º e 4º de primaria

Día das letras galegas 2017



Carlos Casares Mouriño naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941.

Cando Carlos tiña tres anos seu pai Francisco, que era mestre, foi destinado a Xinzo de Limia e alí pasou a súa infancia xunto coa súa nai, Manuela, e os seus irmáns: Mercedes e Xavier.

Estudou no Seminario de Ourense, que abandonou para facer o bacharelato e máis tarde continuou os estudos de Filoloxía na universidade de Santiago de Compostela.

Durante este tempo publicou relatos na revista Grial e, en 1967, publicou na Editorial Galaxia a súa primeira obra, «Vento ferido».

Casares foi un gran novelista con moitas obras editadas. Tamén publicou obras para nenos e nenas: «A galiña azul», «As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas», «Lolo anda en bicicleta», «O can Rin e o lobo Crispín», «Toribio ten unha idea»...

Polo seu traballo a prol da nosa lingua ingresou na Real Academia Galega en 1978, sendo daquela o membro máis novo de todos eles.


Participou en política chegando a ser membro do primeiro Parlamento Galego, no que traballou pola cultura e a lingua de Galicia.

Dirixiu a Editorial Galaxia e a revista Grial.


Casou coa sueca Kristina Berg coa que tivo dous fillos: Hakan e Christian.

Carlos Casares faleceu o 9 de marzo de 2002 en Vigo.

Este ano 2017 a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras.



CARLOS CASARES MOURIÑO



CON «A GALIÑA AZUL» CASARES GAÑOU, EN 1968, O 1º PREMIO DE CONTOS INFANTÍS DE «O FACHO».

1.- Que sabes de Carlos Casares?

► Cal era a profesión de seu pai?

► Que libro publicou en 1967 na Editorial Galaxia?

► De que cor era a galiña dunha das obras de Casares?

► Que dúas publicacións dirixiu?

► Como se chama o escritor homenaxeado no Día das Letras?

► Con quen pasou a súa infancia Carlos Casares?

2.- Escribe **V** (verdadeiro) ou **F** (falso).

☐

Estudou no Seminario de Santiago de Compostela.

☐

Publicou na revista Grial a súa primeira obra.

☐

A súa primeira obra, «Vento ferido», publicouna na Ed. Galaxia.


☐

Ingresou na Real Academia Galega en 1990.

☐

Chegou a ser membro do primeiro Parlamento Galego.

3.- Completa o encrucillado cos datos da biografía de Carlos Casares.




HORIZONTAIS

- 1.- Que animal era Rin?
- 2.- Cidade na que Casares estudou Filoloxía.
- 3.- O que escribe novela, como Casares, é un...
- 4.- Unha das revistas nas que publicou os seus artigos.
- 5.- O can dun dos seus contos chamábase...
- 6.- Cidade na que naceu.
- 7.- Nome da súa muller.

1.- CAN 2.- SANTIAGO 3.- NOVELISTA 4.- GRIAL 5.- RIN 6.- OURENSE 7.- KRISTINA

4.- Fai unha caricatura de Carlos Casares.



5.- Observa a capa deste libro de Carlos Casares e completa.



TÍTULO: _____

AUTOR: _____

ILUSTRADOR: _____

EDITORIAL: _____

COLECCIÓN: _____


6.- Responde as preguntas sobre Carlos Casares e atopa as palabras na sopa de letras.


Q	O	E	G	U	P	H	T	I	F
M	R	I	A	T	L	E	P	Ñ	I
A	Z	U	L	P	I	Ñ	E	O	L
R	F	T	A	Q	R	E	L	G	O
Z	R	P	X	H	U	Q	E	T	L
O	I	V	I	G	O	A	N	P	O
U	O	M	A	N	U	E	L	A	X
Q	F	Ñ	G	R	Q	H	U	E	Í
Ñ	G	E	H	O	L	E	T	I	A
R	Q	U	O	M	E	S	T	R	E


AZUL GALAXIA VIGO MANUELA MESTRE FILOLOXÍA MARZO


- 1.- Cor da galiña dunha das súas obras: _____
- 2.- Nome da editorial que dirixiu: _____
- 3.- Lugar onde morreu: _____
- 4.- Nome da súa nai: _____
- 5.- Profesión do seu pai: _____
- 6.- Estudos que cursou en Compostela: _____
- 7.- Mes no que faleceu: _____


7.- Ordena cronoloxicamente os datos da biografía de Carlos Casares.


 Falece en Vigo o 9 de marzo de 2002.

 Estuda Filoloxía en Santiago de Compostela.

 Este ano a Real Academia adícalle o Día das Letras.

 Pasa a súa infancia en Xinzo de Limia.

 Nace en Ourense o 24 de agosto de 1941.

 Estuda no Seminario de Ourense.













TORIBIO E O CONTADOR DE CONTOS

3º e 4º

O Contador de Contos con Efectos Retardados é un invento moi sinxelo. Consiste nun tubo que lle dá a volta á Terra. Ten, polo tanto, unha lonxitude de 40.000 quilómetros.

Tendo en conta que o sonido viaxa a unha velocidade de 330 metros por segundo, resulta que para recorrer un quilómetro, o sonido tarda arredor de 3 segundos.

Polo tanto, se o tubo do contador de Contos con Efectos Retardados ten 40.000 quilómetros, un sonido emitido nun punto calquera tardaría 120.000 segundos en dar a volta á Terra. Agora ben, 120.000 segundos fan 33 horas e media.

Se Sara conta un conto ás oito da mañá do día 16 de xullo, por exemplo, chegará de volta o día 17 ás cinco e media da tarde.



«Toribio e o contador de contos», Carlos Casares

1.- Comprendiches o texto?

 Como se chama o invento de Toribio?

 Que é o que dá a volta á Terra?

 Cantos quilómetros ten o tubo do Contador de Contos?

 Que tarda 120.000 segundos en dar a volta á Terra?

 A que velocidade viaxa o son?

 Canto tarda o son en percorrer un quilómetro?


2.- Atopa na sopa de letras palabras do texto que aparecen no recadro.

CONTOS	RETARDADO	TERRA	SON	TUBO	VELOCIDADE	VOLTA	METROS
--------	-----------	-------	-----	------	------------	-------	--------

Z	V	O	L	T	A	H	X	L	B
C	M	Ñ	F	E	C	M	B	N	G
L	M	V	N	R	X	Ñ	L	C	C
R	E	T	A	R	D	A	D	O	Z
Z	T	U	V	A	H	B	C	N	G
B	R	B	X	Ñ	F	L	V	T	N
N	O	O	S	O	N	H	F	O	Ñ
C	S	M	X	B	N	Z	M	S	V
V	E	L	O	C	I	D	A	D	E

3.- Toribio inventou o Contador de Contos. Imaxina un invento e ponlle nome.

4.- Completa o encrucillado dos planetas.



HORIZONTAIS: 1.- XÚPITER 2.- VENUS 3.- MARTE 4.- MERCURIO 5.- SATURNO 6.- URANO
VERTICAIS: 1.- NEPTUNO 2.- TERRA

HORIZONTAIS

- 1.- O planeta máis grande.
- 2.- O planeta que comeza pola letra «v».
- 3.- O planeta vermello.
- 4.- O planeta máis achegado ao Sol.
- 5.- É o planeta que ten un anel.
- 6.- Está entre Saturno e Neptuno.

VERTICAIS



- 1.- É o planeta que está máis afastado do Sol.
- 2.- O planeta onde hai vida.

Estes días anda o pobo un pouco alborotado. Acórdaste dun rapaz que se chama Lorenzo e que andaba sempre na compañía dun can pequeno de rabo zuro? Pois Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas roxas na ala dereita. É unha galiña moi bonita e moi rara.

Pon ovos de cores. Xa puxo dous marelos, un rosa e tres verdemar. Ademais non di cacaracá como as outras galiñas senón que di cocorocó. E isto ten preocupadas ás autoridades.

Tan preocupadas as ten que hai catro días chegoulle un oficio a Lorenzo pedíndolle que entregara a galiña polas boas. Lorenzo negouse, porque aínda que lle din que soio é para que a vexa o veterinario, o certo é que, según dixo o señor Casimiro, o porteiro do Concello, á galiña vana matar.

O alcalde, Manolito Listón, dixo nunhas declaracións que fixo para a televisión e para os periódicos, que non se podía tolerar a existencia dunha galiña azul, porque -según Manolito Listón- unha galiña azul que pon ovos de cores e que di cocorocó en vez de cacaracá non é unha galiña como é debido.



A GALIÑA AZUL

3º e 4º

1.- Busca neste caldo de letras os personaxes que teñen relación coa Galiña Azul.

Q	A	E	H	F	S	T	A	O	L	X
G	L	R	I	Ñ	Q	X	C	T	H	F
E	C	A	S	I	M	I	R	O	L	U
X	A	O	H	U	Ñ	F	Q	I	A	R
Z	L	O	R	E	N	Z	O	R	E	G
U	D	G	E	Ñ	F	Q	S	L	D	P
V	E	T	E	R	I	N	A	R	I	O
T	P	L	U	Z	Q	Ñ	R	I	O	H

LORENZO ALCALDE CASIMIRO VETERINARIO

2.- Contesta.

► Como era o can de Lorenzo? _____

► Describe a galiña de Lorenzo: _____

► Quen está preocupado pola galiña? _____

► Con quen falou o alcalde? _____

3.- A galiña azul di «cocorocó». Une cada animal co seu son.

MUXIR	•	•	ovella	
RINCHAR	•	•	can	
LADRAR	•	•	león	
MIAÑAR	•	•	lobo	
RUXIR	•	•	vaca	
OUVEAR	•	•	coello	
CHIAR	•	•	gato	
MEAR	•	•	cabalo	

4.- Mira como rima! A palabra galiña rima con espiña.
Atopa no texto palabras que rimen coas dos recadros.


LOBO ▶

BALDE ▶

SOBRIÑA ▶

ENTRECELLO ▶

SUMAS ▶



POBO ALCALDE GALIÑA CONCELLO PLUMAS

5.- Lémbreste do texto?

▶ Como se chama o alcalde do pobo? _____

▶ De que cores puxo os ovos a galiña de Lorenzo?

▶ Os nomes propios empezan por maiúscula. Que nomes propios aparecen no texto? _____

▶ Cantas plumas roxas ten a galiña na súa á dereita? Arrodea.

OITO CATRO DÚAS CINCO TRES SETE

▶ O texto fala de dous medios de comunicación. Cales son?

Cando tiña seis anos, Lolo fixo unha cousa que desgustou moito os seus pais. Unha mañá de verán, porque quería ser bo, ergueuse cedo, meteuse na cociña e púxose a preparar o almuerzo. Como aínda era moi pequeno e sabía pouco, colleu unha pota e foi botando dentro dela azucre, fariña, marmelada, macarróns, chocolate, leite, azafrán e sal. Despois púxose a remexer todo aquilo ata que chegaron os seus pais, que levaron un desgusto enorme pola desfeita. Como consecuencia do desgusto, aquel ano, ao pobre Lolo, en vez da bicicleta que pedira, os Reis botáronlle carbóns. O da bicicleta era unha vella ilusión. Lolo non entendía como o seu pai, que tiña unha bicicleta magnífica, andaba tan mal e caía tantas veces. En menos dunha semana rachara tres pantalóns e pillara a unha señora. Noutra ocasión entrara sen querer nunha farmacia e tirara patas arriba ao boticario. Desde entón, ao pai de Lolo chamábanlle «Burra vella», «Ganso» e «Avión de combate». Moitos veciños, cando o vían chegar na bicicleta, metíanse nos portais e pedían socorro.

Lolo quería ter unha bicicleta para andar polo medio da rúa facendo chulería, é dicir, soltando as mans e dando saltos. A verdade é que Lolo xa probara en segredo a bicicleta do seu pai no garaxe. Puxérase por riba dela, arrimado a unha parede para non caer, e facía ruído coa boca, como se estivese guiando. Pero un día decidiu soltarse. Meteu a perna por debaixo da barra e arrincou.



«Lolo anda en bicicleta», Carlos Casares

1.- Comprensión do texto.

► Que quería ter Lolo? Arrodea.

UN LIBRO UNHA BICICLETA UN ORDENADOR UNHA BUXAINA

► Que ingredientes usou para prepararlle o almorzo aos seus pais?

► Escribe que é o que almorzas ti.

► Como lle chamaban ao pai de Lolo?

► Que clase de texto é o que acabas de ler? Arrodea.

UNHA BIOGRAFÍA UN POEMA UN CONTO UNHA OBRA DE TEATRO

► Que lle botaron os Reis a Lolo ese ano?

► Que estación do ano aparece no texto? Escribe as outras tres estacións.

2.- Localiza nesta sopa de letras os ingredientes que Lolo usou para facerlle o almorzo aos seus pais.

AZUCRE	FARIÑA	MARMELADA	MACARRÓNS
CHOCOLATE	LEITE	AZAFRÁN	SAL


Q	O	E	M	F	T	R	U	C
Ñ	I	Q	A	A	P	E	O	H
A	Z	U	C	R	E	T	L	O
Z	E	I	A	I	L	Z	R	C
A	U	R	R	Ñ	X	P	Ñ	O
F	T	E	R	A	Q	S	A	L
R	P	Ñ	Ó	L	R	U	Q	A
Á	Q	T	N	E	P	I	O	T
N	E	U	S	L	E	I	T	E
M	A	R	M	E	L	A	D	A

3.- Lolo quiere unha bicicleta. Ten 150 euros aforrados e a bicicleta custa 178. Chéganlle os cartos para mercala? Cantos euros lle faltan?



4.- Colócalle a cada debuxo o nome do xogo tradicional que lle corresponde.

bólas buxaina aro carreira de sacos tarabela



5.- Atopa as 7 diferenzas.

